

## Saúda Xunta Directiva

Como Presidente e en nome da Xunta Directiva da Asociación de Viticultores San Martín de Bueu quero convidalos a este evento gastronómico cultural tan importante para a nosa parroquia e para o noso Concello.

Atopámonos ante a XVIII Edición un número importante porque iso significa que a FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA e maior de idade.

Este ano voltamos a despachar o viño por copa, que en anteriores edicións xa o tiñamos feito.

Recuperamos tamén un número importante de colleiteiros, pasando de 7 a 9.

Agradecer a todos os colaboradores que cada ano participan na confección de este libro, nas cuñas de radio, con donativos e mercado rifas. Todo forma parte dun presuposto cada vez máis elevado.

Agradecer os organismos oficiais: Xunta de Galicia (Turismo), Deputación e Concello de Bueu as súas aportacións para que esta festa do Viño Tinta Femia poida seguir adiante.

Agradecer a todos os membros de esta xunta directiva, colleiteiros, catadores, que lle dedican moitas horas e esforzo para que todo isto teña un bo fin, sin olvidarnos de este magnífico catering do Rincón de Cela.

Por todo isto invitamosvos a disfrutar destas boas festas dende este maravilloso balcón da Ría de Pontevedra.

Salud e ledicia para todos.

*Fernando García Cendón*